# Actividades de Cedofeita Lembranzas de novembro a novembro.

A presentación dun novo número da Revista da nosa Asociación sociocultural, na que a presente fai xa o número 13, é de novo motivo gozo sacar a luz do prelo. Un ano máis as diferentes actividades levadas a cabo pola Asociación dun xeito cíclico tiveron na defensa do noso patrimonio histórico, etnográfico, ambiental e cultural o eixe das nosas actuacións. Así, son de salientar:

**XV XORNADAS MICOLÓXICAS.**

O grupo Sendeiriña da nosa Asociación levou a cabo as súas XV Xornadas, cunha charla impartida por Pepe Álvarez na tarde do venres 7 de novembro, sobre especies comestibles e tóxicas da nosa contorna, coa saída ó monte na mañá do sábado, no natureza agasallounos esplendidamente, como se pode a preciar na foto, e coa posterior degustación das memas á noitiña.



**PRESENTACIÓN DA REVISTA Nº 12.**

No serán do martes, 25 de novembro, tivo lugar na Galería Sargadelos de Pontevedra, a presentación da nosa Revista, na que se recollen diversos traballos de investigación histórica -sobre Galicia, o Pai Sarmiento, carteis na guerra civil, e xogos florais na Pontevedra de 1911, entre outros-, textos literarios, de socioeconomía, humor, etc. Ós que se poden acceder na noxa páxina web.




**75 ANIVERSARIO LOCAL SOCIAL DE JUVENTUD LEREZANA.**

A Asociación participou coas outras entidades da parroquia nos actos celebrados -exposición, conferencias, contacontos, actuacións folclóricas e no xantar de confraternidade- nos días 6, 7 e 8 de Nadal no CEIP San Benito de Lérez.



ASEMBLEA.

Na noite do 26 de febreiro celebrouse a Asemblea xeral ordinaria e extraordinaria, que, ó abeiro art. 9 dos nosos estatutos, cumpría elección de nova directiva. Quedou formada por:
Presidente: Xosé Álvarez Castro
Vicepresidente: Xaime Iglesias González
Secretario: Xosé Luis Estévez Solla
Tesoureiro: Xosé Manuel Castro Méndez
Vocais: Xaime Barreiro Montes, Benigno García Casalderrey, Xosé Grandal Sanjorge, Xosé Quinteiro Piñeiro, Antonio Vázquez Iglesias e Isidoro González Paz.

IX FESTA DA VINCHA EN CERDEDO.

Invitados pola Asociación Espadela participamos nos seus actos, cunha mostra co noso obradoiro de tinguido e a nosa revista, no 22 de febreiro, domingo de entroido



O domingo 24 de maio, acudimos ó encontro coa Montaña Máxica, guiados por Calros Solla do grupo etnográfico Serpe Bichoca, que co seu apaixoado verbo fíxonos vibrar coas lendas que encerra esa montaña, e os destragos causados pola instalación do parque eólico.

ROTEIRO DOS CRUCEIROS DE LÉREZ.

Na tarde do 30 de maio tivo lugar a realización do mesmo no que visitamos os trece cruceiros da nosa parroquia e tamén os limítrofes da Ponte das Cabras (da de Alba), no que a exposición do guía foi apoiado cun magnífico tríptico.



ROTEIRO NO MONTE SEIXO. 24 DE MAIO



## VIAXE CULTURAL.



O domingo 14 de xuño, realizamos a nosa acostumada viaxe cultural, visitando Ribadavia, Pazos de Arenteiro, o espectacular castro de San Cibrao de Las, San Clodio e o Carballiño.

## EXPOSICIÓN DE AGOSTO.

Os días 6,7,8 e 9 de agosto levamos a cabo a XV Exposición, "Coa música a esta parte. Músicos de Lérez e instrumentos", no que ademais da mostra instrumental e de paneis, contou con actuacións de músicos lerezáns, como se reflicte no primeiro artigo desta revista.



## FEIRA FRANCA, 5 DE SETEMBRO

No sábado 5 de setembro, Cedofeita colaborou unha vez máis, sexto ano, na recreación popular da Feira Franca de Pontevedra, co obradoiro de tinguidos naturais nos arcos do Museo da rúa Sarmiento sumándonos a outros colectivos nesta recreación da feira de San Bartolomeu.



## OUTRAS PARTICIPACIÓNS E COLABORACIÓNS

Ó longo deste últimos doce meses Cedofeita colaborou con outras entidades e asociacións: Apoio a Plataforma "Queremos galego", Consello Aberto de Feira Franca, REAL, Asociacións da parroquia, Asociación Cultural de O Burgo, Verbo Xido, etc.



## Presentación de Cedofeita

La galería Sargadelos acogió la presentación del número doce de la revista Cedofeita, editada por la asociación del mismo nombre en Lérez. Participaron Francisco Carballo, Pablo Barreiro, Xosé M. Barreiro y Fina Casaldeirrey. La sociedad Juventud Lerezana y las tabernas de Lérez repasaron el nacimiento y la evolución de la sociedad Juventud Lerezana.

Domingo, 14 de diciembre de 2008

8 • PONTEVEDRA

e A Santiña, el de Benigno, el de Paz, el Cruz do Santo, el de A Xicra en O Castelo, el Cruceiro do Cruceiro", el "de Chenlo", el de Couso, Casal Novo, Cruceiro da Tranca, el de O Bravo, O Valado, el de Cemiterio, o el rado, son las cruces de piedra más representativas y valiosos del rico patrimonio cultural de la parroquia de Lérez. La asociación "Cedofeita" se ha

# Lérez divulga su rico patrimonio de cruceiros

"Cedofeita" crea una ruta para conocer sus trece monumentos

REDACCIÓN • Pontevedra

La parroquia tiene cruceiros "de portal", "adosados" a los edificios y "exentos"

## "Sons de Lérez" ofrece un recorrido por la historia musical de la parroquia

La exposición, ubicada en el monasterio, reúne instrumentos, fotografías, trajes y documentos

Jueves, 6 de agosto del 2009

Pontevedra

## A Asociación Cedofeita dedica a súa anual no Mosteiro de Lérez aos músic

Ch. L.

PONTEVEDRA | *Coa música a esta parte: Sons de Lérez*, é o título da exposición anual da Asociación Cedofeita que se inaugura hoxe, ás 11 da mañá, no mosteiro da parroquia.

Como o seu título indica, a mostra xira arredor do mundo da música e contén fotos de músicos, grupos musicais e orquestras relacionados coa parroquia, berce de agrupacións de sona.

Un apartado trat... pacións de tipo folclórico como o Grupo do Teleclub, Airiños do Lérez, Os Vagalumes ou Os Alegres de Lérez, creado nos anos corenta baixo o pulo dos Rutilos. Tamén se recollen sagas de músicos, como os *Jaita*, que toman o alcume do instrumento que tocaban ou os *Simón*, dos que foi patriarca Manuel Simón que conta con catro xeracións de músicos. Outra saga de moito renome é a dos Diosiño, que arranca en Casal Novo a finais

Os saldos do mosteiro foron prestados para a exposición anual de Cedofeita que este ano versa sobre os músicos da parroquia de Lérez

A mostra estará aberta ata o vindeiro domingo e complétase con instrumentos e trajes

## Cedofeita repasa a historia musical de Lérez no mosteiro de San Bieito

Ch. L.

PONTEVEDRA | O Mosteiro de Lérez acolle estes días a exposición anual da Asociación Cultural Cedofeita que repasa a historia musical da parroquia. *Coa música a esta parte: Sons de Lérez*, é o título da mostra, inaugurada onte e que poderá visitarse ata o vindeiro domingo, en horario de 11 a 14 e de 19 a 22 horas.

Exposición 09

Coa Música a esta parte:

Sons de Lérez

Lugar: Mosteiro de Lérez

Datas: 6, 7, 8 e 9 de Agosto

Horario: Mañás de 11 a 14h. / Tardes de 19 a 22h.

Cedofeita Asociación Sociocultural de Lérez

Colabora Concello de Pontevedra

## Cedofeita edita un nuevo número de la revista cultural de Lérez

## A sociedade Juventud L... e as tabernas de Lérez ce... número 12 da revista Ce...

Belén López

VIVIR AQUÍ | SOCIEDAD | 73

mércores, 26 de novembro de 2008